

Expediente IET: P-22-011
Proxecto: Parque Eólico Monte Festeiros
Concello: Silleda e Forcarei (Pontevedra)
Promotor: AV Monte Festeiros SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 10/01/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto do Parque Eólico Monte Festeiros.

1. Antecedentes:

Con datas do 21/09/2011 e 22/03/2012 a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, emitiu informes sobre o proxecto do parque eólico Monte Festeiros, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Con data do 12/06/2013 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a declaración de impacto ambiental (DIA) sobre este proxecto.

A presente solicitude é consecuencia do inicio dun novo procedemento de avaliación ambiental do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Monte Festeiros, de 48 MW, composto por 10 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación, torre meteorolóxica e gabias para a rede eléctrica). Os aeroxeradores terán 3, 4,2 e 5,6 MW de potencia, cunha altura da buxa de 82, 105 e 125 metros e cun diámetro de rotor entre 136 e 150 metros. En



relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán de nova construción 4.545,10 m dun total de 10.382,97 m.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (Anexo II) no que se fai unha descrición das características do proxecto, a caracterización da paisaxe e unha análise da intervisibilidade, dando por último unhas medidas de integración paisaxística.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, nas comarcas paisaxísticas de O Deza e Terras de Montes – Alto Léz. En relación ás áreas de especial interese paisaxístico (AEIP), o arque eólico localízase ao carón da AEIP-07-29 Serra do Candán e Montes do Testeiro, a escasos 300m. Ademais, na contorna da infraestrutura aparecen outras AEIP como son a AEIP-07-28 Monte de San Sebastián a 2,8 km ao norte, AEIP-07-27 Fervenza do Toxa-Carboeiro a 10 km ao norte, AEIP-07-25 Alto Gundián a 16,4 km ao norte, AEIP-07-33 Coto de Codesada a 10 km ao oeste, AEIP-07-30 Fraga de Catasós a 12,5 km ao leste, AEIP-07-31 Pozo Negro a 13,5 km ao leste e AEIP-08-12 Serra do Cando a 13,6 km ao suroeste. No referente ao miradoiros, os máis próximos ao parque son o de Alto do Candán a 4,5 km ao sur, o Miradoiro do Monte Coco a 8,1 km na mesma dirección, O Castelón a 10,1 km ao sur, o Miradoiro O Castro-Eira dos Mouros-Trocastello a 10,7 km ao oeste, Monte San Sebastián a 7,3 km ao noroeste. Ademais deses, outros 11 miradoiros atópanse a distancias entre os 10 e 20 km.

Asociados ás AEIP e aos miradoiros aparecen numerosos lugares de especial interese paisaxístico (LEIP) ademais doutros moitos nas proximidades da infraestrutura como son a Alvariza en Pereira, o nacemento do Río Umia ou o entorno da Saleta (árbore senlleira).

Os principais sendeiros da contorna son o PR-G 100 Sendeiro Natural Aciveiro – Candán ao carón da posición 2, o PR-G 113 Rota das Pontes do Léz a 1,1 km ao suroeste, o PR-G 124 Ruta da Auga, Fonte e Lavadoiros de Parada a 2,6 km sueste e o GR 94 Rural de Galicia a 17,5 km ao oeste

Ademais cabe destacar a proximidade da Vía da Prata do Camiño de Santiago, a escasos 4 km ao nordés da infraestrutura, que discorre de sueste ao noroeste.

Os aeroxeradores sitúanse no remate polo norte da serra do Candán e no inicio da serra das Penas así como no Monte Chamor situado ao leste destas serras, todos eles en cotas que oscilan entre os 747 e os 800 m de altitude sobre o nivel do mar. Destes montes xorden numerosos cursos fluviais como son o rego da Puza, o de Cortegada e o das Mosqueras, así como os ríos Léz, Deza e o río Toxa. A principal cobertura do solo máis inmediata é a de matogueira e rochedo, con algunha mancha de plantación forestal, aparecendo nos vales e bordeando a infraestrutura o agrosistema extensivo no que se integran os núcleos. En xeral trátase dunha topografía de cumios suaves e vales con altitudes ao redor dos 500 m, o que fai posible unha abundancia de núcleos de poboación ao redor da infraestrutura. Os máis próximos son Taboadelo a 575 m, Narcellas a 800 m, Tixoa a 550 m, Currospediños a 770 m, Pardellas a 1 km, A Pallota a 700 m e Xubín a 1 km, ademais de outros moitos nunha contorna de 2 km. Ademais dos núcleos rurais citados, Silleda atópase a 5 km ao norte, Lalín a 10 km ao leste, Forcarei a 7 km ao suroeste e A Estrada a 16 km ao oeste. As vías de comunicación máis importantes son a estrada autonómica PO-534 ao sur e a PO-201 ao leste, discorrendo ao norte a N-525 e a AP-53.

Cabe destacar que as posicións 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 localízanse sobre zonas de visibilidade alta ou moi alta de acordo co Catálogo das paisaxes, mentres que as posicións 1 e 2 están ao carón de zonas de visibilidade alta.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:





O EIIP fai unha caracterización da paisaxe en base a unha análise das comarcas paisaxísticas que se atopan nun radio de 15 km, así como dos valores das mesmas incluídos nese ámbito de 15 km. Para determinar a visibilidade do parque eólico calcúlanse cuncas visuais desde a altura da buxa, e analízanse as superficies visibles no citado ámbito de 15 km, no conxunto das AEIP e na Vía da Plata. Resume as características do proxecto e fai unha valoración do impacto unicamente en base á incidencia visual. Por último propón unha serie de medidas de integración paisaxística baseadas unicamente na revexetación.

Segundo a análise de visibilidade levada a cabo no EIIP, a infraestrutura será visible dende o 43,47 % da superficie da envolvente de 10 km, se ben este cálculo lévase a cabo tomando como referencia a altura da buxa no canto da altura total ata a punta da pa, polo que se agarda unha maior visibilidade. Os aerogeradores serán, visibles dende un gran número de AEIP e miradoiros, así como dende sendeiros e a Vía da Prata. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aerogeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe natural; todo o cal provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, se atopan en tramitación ou en funcionamento nas proximidades, o que provocará que no 87,63 % da superficie da envolvente de 10 km sexa visible algún aerogerador.

Prodúcense outros importantes impactos, como os que afectan á vexetación existente e os afloramentos rochosos (especialmente nas posicións 1, 2, 9, e 10), debido á realización de novos camiños e plataformas de montaxe.

6. Conclusión:

Este proxecto producirá impactos paisaxísticos debidos á introdución de obxectos alleos ao carácter da paisaxe, que afectan a elementos de valor paisaxístico e ás panorámicas dende os diversos puntos de observación da contorna. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou que se están a tramitar nas proximidades.

O estudo de impacto ambiental incorpora un EIIP, cuxo contido non se axusta completamente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, polo que deberá completarse segundo as seguintes indicacións:

- Deberá completarse a diagnose do estado actual da paisaxe cunha análise pormenorizada dos elementos aos que se refire o artigo 28.2 do RLPPG, e en particular neste caso as AEIP e os afloramentos rochosos da contorna.
- Para os efectos do artigo 29 do RLPPG, deberase completar o estudo de visibilidade para determinar o impacto producido sobre as AEIP, miradoiros, núcleos máis próximos (nos tres casos de forma individualizada) e demais puntos singulares de observación. Para tal fin, as cuncas visuais de cada aerogerador calcularanse para un radio de 20 km e desde o punto máis desfavorable (altura máxima a punta de pa), e deberán incluírse montaxes fotográficas ou imaxes virtuais que simulen a incidencia dos aerogeradores nas vistas desde os lugares citados anteriormente (artigo 31.1.d do RLPPG).
- Consonte co disposto no artigo 29.d do RLPPG, deberá analizarse a incidencia sobre as formacións rochosas presentes nas posicións 1, 2, 9 e 10.



- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do RLPPG, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe. Para o cumprimento deste apartado non bastará coa simple transcripción das mesmas.
- Polo que atinxe ás medidas preventivas e correctoras para acadar a integración paisaxística do proxecto (artigo 30 do RLPPG), deberán completarse as xa previstas, en concordancia coas conclusións do EIIP, e de acordo coas determinacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe salientar, neste caso, as seguintes:
 - Deberase estudar a localización das posicións 1, 2, 9 e 10 e os seus camiños de servizo, a fin de minimizar a incidencia sobre os afloramentos rochosos (DX.17.a.4), aproveitando ao máximo os camiños existentes tal e como se recolle na Directriz de paisaxe DX.20.f.
 - Para o edificio de control e centro de seccionamento, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional. Así mesmo, de ser necesario, disporase unha pantalla vexetal no perímetro da instalación realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b e DX.20.o.
 - Deberá xustificarse a elección do modelo de aeroxerador, en relación co disposto na recomendación da directriz de paisaxe DX.20.k.
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

